

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL
CURSO: 2.º BACHARELATO
MATERIA: DEBUXO TÉCNICO 2
DEPARTAMENTO: ARTES PLÁSTICAS
DATA: 11/5/2020

CONTIDOS

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.	DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.
B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.	DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.
B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.	DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.
B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.	DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.
B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.	DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.
B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.	DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>O procedemento para a avaliación do terceiro trimestre será mediante a cualificación de tarefas realizadas polo alumnado e entregadas a distancia por medios telemáticos. As tarefas cualificaranse cun máximo de 10 puntos. A cualificación do trimestre obterase facendo a media das cualificacións das tarefas. As entregas de tarefas flexibilizaranse e adaptaranse para favorecer en todo o posible ao alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>A avaliación do terceiro trimestre farase mediante tarefas realizadas a través da aula virtual. Estas tarefas aportan o 100% da cualificación do trimestre. Facilitaranse diferentes vías de comunicación (aula virtual, correo electrónico) para garantir que todo o alumnado pode entregar as tarefas.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria:</p> <p>-Alumnado que teña a 1.^a e a 2.^a avaliacións aprobadas, ou unha delas:</p> <p>Para a cualificación final na avaliación ordinaria, terase primeiro en conta a media aritmética da primeira e segunda avaliacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se a cualificación na terceira avaliación é superior a esa media, a cualificación final será o resultado de facer a media das tres avaliacións. Neste suposto, se o resultado fose inferior ao 5, redondearase ao 5. • Se é inferior, a cualificación final será o resultado de facer a media das dúas primeiras avaliacións. <p>-Alumnado que non teña ningunha avaliación aprobada:</p> <p>No caso de non ter aprobada ningunha das dúas primeiras avaliacións, se o alumno ou alumna, despois de seguir o plan de reforzo e recuperación, obtén na terceira avaliación unha cualificación igual ou superior a 5, darase a materia por superada na avaliación ordinaria. En caso contrario, o alumno ou alumna deberá presentarse a unha proba en setembro.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Na avaliación de setembro, a cualificación obterase mediante unha proba-exame a realizar na aula, que proporcionará o 100% da nota, sobre os contidos imprescindibles previstos nesta programación.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non hai alumnado coa materia pendente</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Centraranse as actividades lectivas do terceiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas. Faranse actividades de repaso e reforzo e, no seu caso, de ampliación, sobre a base dos criterios e estándares imprescindibles sinalados no apartado 1.
Metodoloxía	Enviaranse contidos e tarefas mediante a aula virtual e notificarase na páxina web do centro.
Materiais e recursos	Contidos dixitais na aula virtual da materia en Google Classroom. Vídeo chamadas co alumnado para resolver dúbidas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través da aula virtual e correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.